



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 5 DE AGOSTO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLE

LIC/974/2019.- ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder licenza para executar as obras de renovación das cubertas do Pazo Arzobispal sito na praza da Inmaculada.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para executar as obras de renovación das cubertas do Pazo Arcebispal sito na Praza da Inmaculada. LIC/974/2019. Concédese a licenza.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación definitiva do proxecto complementario nº 1 do Proxecto de urbanización do SUNP-25 (Roxos). Derruba de bens afectados na parcela 349 bis. Apróbase o devandito proxecto, presentado pola Xunta de Compensación, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación do texto da adenda modificativa do convenio entre ADIF, RENFE-OPERADORA, FUNDACIÓN DE LOS FERROCARRILES ESPAÑOLES e CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA para a construción dun parque conmemorativo na zona do accidente ferroviario de Angrois que substitúe o anterior aprobado o 28 de decembro de 2018. (PTM/47/2018). Apróbase a devandita addenda, na que se modifican como os nomes, como asinantes, do alcalde e do director xerente da Fundación Ferrocarrís, así como unha redistribución de cláusulas consonte ás últimas recomendacións da Avogacía do Estado respecto ás adendas modificativas de convenios.

5.- Recoñecemento extraxudicial de créditos. Apróbase a proposta

6.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao inicio de trámites para proceder á recepción das "Obras de ampliación do patio e dotación do parque infantil no colexio Quiroga Palacios". Acórdase o inicio dos trámites de recepción.

7.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á devolución de fianza do contrato de "Servizo de conservación e mantemento do Parque de Brandía no Concello de Santiago de Compostela reservado a Centros Especiais de Emprego (D.A. 5ª TRLCSP). Autorízase a devolución da fianza á empresa Aspas Emprego, SL, por importes de 2.620 euros (principal) e 2.620 euros (complementaria).

8.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á declaración de oficio da bonificación do 100% a diversos vehículos no IVTM, por ter máis de 25 anos de antigüidade. Expediente TXX/1184/2019. Apróbanse as bonificacións.

9.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á solicitude de devolución de fianza para responder do contrato de "Xestión mediante concesión do servizo de vertedoiro urbano de Aríns no Concello de Santiago de Compostela". Expte. 131/2005. Acórdase a devolución da fianza á empresa Vertederos de Residuos, SA, por importe de 1.459,10 euros.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade relativa á modificación e ampliación de rúas con dereito á tarxeta de residente na Zona 3 - San Pedro. Acórdase a inclusión da praza de San Pedro na Zona 3 – San Pedro de estacionamento de residentes, para que os veciños e veciñas residentes nesta praza, que cumpran coas condicións e requisitos esixibles segundo a Ordenanza do Sistema de Ordenación de Tráfico e Aparcamento de Residentes, poidan dispoñer do dispositivo que lles permita aparcar nas zonas verdes destinadas a residentes.

11.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a asociación SPECIAL OLYMPICS GALICIA para os XX xogos autonómicos de atletismo para persoas con discapacidade intelectual e a marcha ciclista unificada. Apróbase o devandito convenio, polo que o Concello achega 3.500 euros.

12.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Judo e disciplinas asociadas para o desenvolvemento da copa España infantil de judo, masculina e feminina. Apróbase o devandito convenio, polo que o Concello achega 6.000 euros.

13.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a AGRUPACIÓN DEPORTIVA EL CORREO GALLEGO para o desenvolvemento da 42ª edición da carreira pedestre. Apróbase o devandito convenio, polo que o Concello achega 12.000 euros.

14.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a FEDERACIÓN GALLEGA DE BALONCESTO para o VI JAMBOREE DE CLUBS MINIBASQUET GALICIA 2019. Apróbase o devandito convenio, polo que o Concello achega 10.000 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO para o desenvolvemento da II edición da milla urbana "Portas de Compostela". Apróbase o devandito convenio, polo que o Concello achega 10.000 euros.

16.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do expediente de "Prestación do servizo de dotación de infraestruturas, loxística, persoal e sinalética do evento denominado FESTA DO DEPORTE 2019"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Acórdase o inicio do procedemento de adxudicación, cun tipo de licitación de 36.772,57 euros + IVE.

17.- Dar conta pola concelleira delegada de Políticas de Igualdade da concesión dunha subvención da Xunta de Galicia para a promoción da igualdade, cofinanciadas polo FSE e polo pacto de Estado contra a violencia de xénero, para 2019. Dáse conta da devandita subvención, por importe de 21.000 euros.

18.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á declaración de caducidade do expediente de incumprimento do contrato para prestación do servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos (RCC) do Concello de Santiago de Compostela; e incoación dun novo expediente. Declárase a caducidade do expediente de incumprimento de contrato formalizado con Ferrovial Servicios, SA, iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local do 17 de abril de 2019, co arquivo das actuacións nel realizadas. Incóase novo expediente, fundamentada nos mesmos documentos que deron lugar á incoación do primeiro expediente.

19.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á prórroga do contrato de "Xestión do servizo das escolas infantís municipais de CONXO e FONTIÑAS". Apróbase a prórroga do devandito contrato coa empresa Servicios y Materiales, SA, por un novo e último período dun ano, a contar dende o 1 de setembro de 2019 ao 31 de agosto de 2020, por importes de 129.598,08 euros (anualidade 2019) e 259.186,13 euros (anualidade 2020).

20.- Proposta da alcaldía relativa á resolución da convocatoria de subvencións para actividades de promoción e dinamización comercial no Concello de Santiago de Compostela para 2019. Apróbase a resolución da convocatoria, da que resultan as seguintes subvencións: 20,526,02 euros para a Fundación Santiago Centro, Área Comercial; 27.087,80 euros para a Asociación de Empresarios e Profesionais Centro Comercial Aberto Compostela Monumental; e 2.368,18 euros para a Asociación Em-Rede. Rede de iniciativas empresariais de Santiago e comarca.

21.- Dar conta polo alcalde en funcións da resolución de aprobación da conta xustificativa do convenio de comedores escolares, período do 1.12.18 ao 20.6.19 do curso escolar 2018-2019. Dáse conta.

22.- Dar conta de sentenzas xudiciais. Dáse conta.

URXENCIAS

1. Proposta do concelleiro delegado de Obras relativa á autorización para a redacción do proxecto modificado das obras de reurbanización das rúas Patio de Madres e Castrón Douro, fase I. FEDER, no marco do programa operativo de crecemento sostible 2014-2020. Autorízase a inclusión da substitución de dúas das illas de colectores soterradas, definidas como mellora no proxecto inicial e comprometidas pola empresa contratista, por outra de maior capacidade, no devandito proxecto modificado, agora en fase de redacción, sen que supoña variación económica.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadá relativa á aprobación do expediente denominado “Subministración de dous vehículos lixeiros para o servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación. CON/84/2018”. Apróbase o devandito expediente e a apertura do procedemento de adxudicación, cun tipo de licitación de 83.814 euros + IVE.

3.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación das bases da convocatoria de subvencións para o fomento do deporte federado, ano 2019. Apróbanse as bases, por unha contía inicialmente prevista de 250.000 euros, condicionada á aprobación dos orzamentos para 2019.

4.- Proposta da concelleira delegada de Educación para dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Concello de Santiago para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros educativos do Concello de Santiago de Compostela para os cursos escolares 2019-2020 e 2020-2021. Valídase e dáse conta.

5.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á rectificación do acordo da sesión de 12.4.19 de modificación de póliza de seguro para a cobertura de riscos patrimoniais, persoais e de responsabilidade civil derivada do uso de vehículos de motor que integran o parque móbil do Concello de Santiago, así como prórroga de dita póliza. Acórdase rectificar o devandito acordo, polo que se modifica a póliza ampliándoa con dous novos vehículos, de tal xeito que debe entenderse que a vixencia desta modificación esténdese ata o 7 de agosto de 2019. Ademais, prorrógase a póliza polo prazo dun ano, a contar dende o 8 de agosto de 2019.